

# CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL

## *Letras Galegas 2023*

-Convocatoria Local -

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DE BURELA \_\_\_\_\_ convoca o CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO INFANTIL LETRAS GALEGAS 2023 (Fase Local), de acordo coas seguintes bases:

1.- Poden participar todas as nenas e nenos con:

**A) Narracións**, en galego, cunha extensión máxima de **1 folio por unha soa cara**, sobre o tema proposto a continuación:

*"Libros para xogar, libros para vivir". Hai libros que invitan a xogar: libros pop-ups, libros con sons ou mesmo con olores, libros para buscar e atopar, libros con xogos de enxenio... Mais tamén usamos os libros cando xogamos a ser mestres, ou escritoras ou mesmo cando xogamos a ter unha librería ou a traballar nunha biblioteca.*

XOGAR + LER = VIVIR

**B) Debuxos**, feitos sobre **papel ou cartolina** tamaño **DIN A4**, sobre o tema proposto a continuación:

*"Libros para xogar, libros para vivir". Hai libros que invitan a xogar: libros pop-ups, libros con sons ou mesmo con olores, libros para buscar e atopar, libros con xogos de enxenio... Mais tamén usamos os libros cando xogamos a ser mestres, ou escritoras ou mesmo cando xogamos a ter unha librería ou a traballar nunha biblioteca.*

XOGAR + LER = VIVIR

2.- Cada autor pode presentar cantos traballos desexe, mecanografados, escritos a computador ou a man; neste último caso sempre a bolígrafo e nunca a lapis. Con cada traballo, acompañarase unha folla co nome e demais datos do autor.

3.- Establécense tres categorías: **A**, ata 8 anos, **B**, de 9 a 11 anos, **C**, de 12 a 16 anos.

4.- O prazo de presentación dos traballos rematará o vindeiro **16 de maio**, debendo ser entregados polos seus autores na BIBLIOTECA MUNICIPAL.

5.- O xurado, formado por persoas entendidas na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de 3 traballos.

6.- Os traballos premiados nesta fase local participarán na fase provincial do Certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

7.- Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

8.- Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado

9.- A presentación das obras a este Certame supón a aceptación das presentes bases.

# FOLLA DE DATOS PERSONAIS DOS PARTICIPANTES

**Nome e apelidos**.....

**Idade**.....

**Enderezo**.....

.....

**Teléfono**.....

**Curso**..... **Colexio**.....

.....

**Biblioteca Pública Municipal de BURELA**.....

